

A PIRAGUA



Intres

22

Xullo 2007

O día 13 de abril tivemos unha saída á cidade de Santiago co motivo de ver unha obra de teatro didáctica que trataba sobre a violencia de xénero. Esta peza estaba dirixida por Cándido Pazó e actuaban nela Xosé Manuel Oliveira ("Pico"), que representaba a Delio; Susana Dans, Rosa; xunto a eles, Lola Moíños, Marcos Orsi, César

Goldi, Ricardo de Barreiro e María Bañobre.

A obra comeza cunha reunión de veciños na que un protesta porque o outro ten unha piragua na praza de garaxe. Acompañando esta disputa, vívese outra distinta, que o que protesta pégalle á muller. Isto xa leva ocorrendo dende hai moito tempo, pero non con

moita intensidade, ben porque non se sabía ou porque non se quería saber. A cousa colleu máis forza cando a muller empeza a facer de señora da limpeza no edificio sen o consentimento do seu marido.

O home, que é un machista, non quere que a muller traballe fóra da casa, e quere que se ocupe só da súa. A muller, farta de malos tratos físicos e psicolóxicos, decide rematar esta relación.

Cando lle falta a muller, o home tolea e decide rematar coa súa vida pegándose un tiro; pero cando se ía matar, atopouse con Guzmán, que era o dono da piragua e pegoulle un tiro.

Pero, por que lle disparou a Guzmán, un home que nunca lle fixera mal a ninguén? só por ter a piragua no garaxe? Esta morte foi o resultado do absurdo da violencia.

DAVID PENAS, MARCOS MATO
JENIFER MATO, AGRUPAMENTO DE 3º

Que importante sería para todos nós volver con algo aprendido da obra de Cándido Pazó, xa que o maltrato non ocorre só en lugares afastados senón que pode estar ocorrendo neste intre no noso edificio. Pode ser esa parella de anciáns, os mozos novos ou incluso na propia casa.

O maltrato é difícil de ver nas persoas do noso arredor, aínda que o que soe ocorrer é que nós non queremos implicarnos.

A obra reflexa como despois dunha disputa por unha piragua na xunta de veciños, Rosa é maltratada polo seu home. Esta será a historia que recordarán Lucía e os seus colegas actores, esta é o seu terrible desenlace. Rosa, ás costas do seu home, comeza a varrer e fregar as escaleiras do seu edificio, aínda que el lle dixera que non quería que fose a fregona de ninguén, xa que se cría dono dela e, consciente ou inconscientemente, o único que podía explotala.

A PIRAGUA

Un día cando Rosa entra a deixar a fregona no cuarto de mantemento ve unha obra que están representando os rapaces na que se ven os malos tratos, cando o home pega á muller e aparece un defensor, está négase a abandonalo, xa que ten dependencia del. Cando a obra remata, entra Delio e bérallle a Rosa, porque ela non pinta nada alí, xa que segundo el, o seu lugar está na casa, ben preto do seu home.

Os rapaces do teatro pensan se a cousa cambiaría algo se Rosa se defendera. Logo de cara á xente a súa relación volve ser normal, xélida, pero normal; aínda que Rosa segue fregando as escaleiras ás escondidas de Delio.

Tras manter este último unha seria conversa con Suso pola piragua, ve a Rosa no cuarto das fregonas e teñen unha forte discusión, falan de recordos dolorosos para ambos coma a morte da nena (a súa filla, que tiña unha discapacidade). Tras esta disputa, Rosa non volve saír da casa ata o seu fin, aparenta esnaquizada e desganada.

O día que morre ten unha aparición, é a súa nena que lle aconsella que se esqueza de todo e salte pola ventá. Rosa, antes de saltar, deixa a alianza, logo, sen pensalo, tírase. Ao ver que falta da casa, Delio vaina buscar e vai acompañado dunha pistola, pero, en vez de ver a súa muller morta pola caída dende o balcón, atopa a Suso e dispáralle, este cae morto e Delio bóttalle as culpas á piragua.

A obra gustounos moito, tanto a actuación do actor principal masculino coma a da actriz principal feminina foron totalmente cribles.

Pero sobre todo, como a partir de algo tan sinxelo coma unha piragua achéganse a un tema tan actual, aínda que, iso si, tratándoo co respecto que merece isto que cada día sofren as mulleres nas súas casas.

CARLOTA CASAL & EDURNE SUÁREZ. S3D

A MULLER E O TRABALLO



Detrás de cada obreiro hai probablemente unha muller que lle cose os botóns. Detrás de cada obreira é difícil imaxinar a outro que non sexa ela mesma remendando a súa propia roupa. Esta realidade cotiá levada á estatística significa que, de todo o traballo que se realiza actualmente en España, as dúas terceiras partes réalizao a muller.

Este é o resultado dun dos estudos realizados pola investigadora M^a Ángeles Durán, que indica, sen embargo que a remuneración que reciben as mulleres só é dun terzo do total.

LEE ANN SARA GRACE IGLESIAS